

PROPOSTA DE BAREMO PARA A VALORACIÓN DOS MÉRITOS NA CATEGORÍA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

Baremo de méritos: 30 puntos.

1. FORMACIÓN: (11,5 PUNTOS).

1.1. Académica:

a) Licenciatura:

Plan antigo:

Por cada matrícula de honra: 0,5 puntos.

Por cada sobresaínte: 0,25 puntos.

Por cada notable: 0,10 puntos.

Non se valorará o sobresaínte cando se obtivese matrícula de honra.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas no Plan de Estudos, expresando o cociente con dous decimais.

Non se valoraran as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

Plan novo:

A puntuación correspondente aos estudos de cada aspirante obterase mediante a aplicación do seguinte algoritmo:

$$0,5 Cn + 1 Cs + 1,5 Cmh$$

$$Ca + Cn + Cs + Cmh$$

As anotacións Ca, Cn, Cs e Cmh corresponden ao número total de créditos que na certificación académica estean adscritos a materias troncais e obrigatorias e nos cales, respectivamente, se obtiveron as cualificacións de aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra.

Non se puntuará o sobresaínte cando se obtivese matrícula de honra.

Non serán valorados os créditos correspondentes a materias optativas ou de libre elección/configuración.

A puntuación resultante expresarase con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

b) Posgrao.

Exame de grao (licenciatura): 0,10 puntos.

Pola realización dos cursos monográficos de doutoramento: 0,10 puntos.

Pola realización dos cursos do terceiro ciclo ou por acreditar a suficiencia investigadora: 0,25 puntos.

c) Grado de doutor: 1,5 puntos.

A valoración do grao de doutor excluírá a valoración dos cursos de doutoramento, dos do terceiro ciclo e/ou da suficiencia investigadora.

1.2. Continuada:

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría a que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo SERGAS, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría a que se opta.

c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría a que se opta.

-Por crédito: 0,01 puntos.

-Por hora: 0,001 puntos.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

Só se valoraran os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o acceso á categoría a que se opta.

Os cursos de prevención de riscos e de informática valoraranse en todas as categorías.

(Máximo 240 créditos o 2400 horas en el apartado de Formación continuada)

1.3. Especializada:

Por ter completado o período como residente do programa MIR (en España ou país da Unión Europea) ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados na especialidade á que se presente e co título validado polo Ministerio de Educación e Ciencia: 7,0 puntos.

2. EXPERIENCIA: (15,5 PUNTOS).

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, incluíndo os servizos prestados como médico residente do programa MIR na Especialidade de Medicina de Familia y Comunitaria: 0,10 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,06 puntos/mes.

- Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en el sistema sanitario público dun país da Unión Europea: 0,04 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría noutras administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,04 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas de España ou dun país da Unión Europea: 0,02 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría ou especialidade sanitaria en institucións sanitarias do SERGAS ou de fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,02 puntos/mes.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente se poderá valorar un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Para a valoración dos servizos prestados en institucións ou centros de calquera país da Unión Europea, os interesados deberán presentar documentación que acredite a súa titularidade pública ou privada.

3. OUTRAS ACTIVIDADES: (3 PUNTOS).

a) Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

Publicación revista:

- Indexada en índices internacionais (Index Medicus, EMBASE, etc.): 0,3
- Indexada en Índice Médico Español (IME): 0,2
- Outras revistas: 0,1

Capítulo de libro (con ISBN): 0,30.

Libro completo (con ISBN): 1,00.

Si solo posúen Depósito Legal, metade da puntuación.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire os traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o nome da revista, ou título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario ou índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

b) Por impartir docencia posgraduada na mesma categoría a que se presente: 0,20 puntos por ano (ata un máximo de 1 punto). Se considera así a realizada con un médico residente adscrito, debidamente certificada pola Unidade Docente correspondinte.

c) Por cada bolsa dun organismo oficial para proxectos científicos ou premios de investigación en materias relacionadas coa categoría a que se opta e ata un máximo de 2 punto: 0,50 puntos.

--oo0oo--